



**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA**  
**AXENCIA TRIBUTARIA**

## **MESA DE ACCIÓN SOCIAL**

\*A Administración fainos chegar un informe no que vemos que, ata o día de onte, ten recibidas unhas 20.396 instancias, case que todas elas pola intranet, sendo 400 únicamente das que se ten constancia que foron mandadas en papel. Neste aspecto, fixémoslles saber que non sempre é posible enviar as instancias pola intranet, mais que nada porque non todo o mundo ten a posibilidade de escanear os documentos, nin tampouco acceso a un ordenador coa intranet da AEAT, como o colectivo do SVA (non sabemos porqué, pero os que mandan na AEAT, sempre se esquecen dos compañeiros de Vixilancia Aduaneira...).

\*Asimesmo, chámamos moito a atención que nestes datos provisionais das instancias presentadas, aparezan moitas como "renunciadas". Isto é debido a que ao grabar a instancia, se, se quere modificar posteriormente algún dato, hai que ir a reseña que pon "RENUNCIAR". Comentamos que a aplicación informática debería adaptarse para as próximas convocatorias, e substituír a reseña "renunciar" por "modificar datos".

\*Expoñemos tamén o problema do retraso do MAP para os exames de promoción interna (que serán a partir de setembro), polo que consideramos necesario modificar o prazo para a petición destas axudas (pois remata neste mes). A parte Social solicita que o prazo para a presentación destas axudas esté sempre aberto, proposta que non é atendida pola AEAT, e que se estudará, en todo caso para o ano próximo. Cos datos que temos agora mesmo, hai 626 instancias presentadas das axudas de promoción polo que estamos bastante lonxe das 1100 que se presentaron o ano anterior, polo que é moi posible que haxa un excedente presupuestario neste concepto., co cal facemos a pregunta intrigante de ¿onde irán a parar os cartos que, seguramente, van sobrar??? ...Non hai resposta.

\*Respecto aos prazos de resolución das axudas, a AEAT coméntanos que esperarán a recibir todas as instancias de todas as modalidades, para comezar a facer os pagos a partir de novembro.

\*Tamén, no día de hoxe, a Comisión de Acción Social resolveu as solicitudes de axudas excepcionales.

**SEGUIREMOS INFORMANDO**

**09/07/09**

CIG AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Rúa Comandante Fontanes, 10-sot.

Télf.:981 61 68 89/687 82 15 44

Fax:981 12 72 22

[cigaeat@gmail.com](mailto:cigaeat@gmail.com)

[WWW.CIGAEAT.COM](http://WWW.CIGAEAT.COM)